cREAgal

Normas para o debate

Escoita atentamente o teu opoñente para poder entender e interpretar os seus argumentos. Así, evitarás interpretar mal a información que che dá.

Defende o teu punto de vista achegando probas relevantes que sexan veraces. Non serve que digas que opinas algo porque “si”, tes que dar razóns válidas.

Responde o discurso ou as preguntas do equipo opoñente de forma obxectiva, decisiva e sen medo.

Dá un discurso claro, evitando termos confusos. Se é necesario, explica de novo o que queres comunicar.

Respecta as quendas e intervén con educación. É dicir, non fagas xestos impertinentes ou fales cun ton ofensivo. Felicita o outro equipo.

“As normas do debate”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa Licenza Creative Commons Atribución Non-comercial Compartir igual 4.0